

Reunión ordinaria 16 setembro 2025

Data: 16 Setembro 2025
Hora: 16.30h
Lugar: videochamada online

Reúnen-se os membros do departamento para decidir varios os seguintes aspectos do curso:

1. Galego/Castelán - Habilidades e afondamento en administrativo
2. Plan de Lectura en ciclos
3. Confirmación libros de texto
4. Enfoque dos módulos optativos de habilidades comunicativas e Afondamento de competencias profesionais (Concretar los apartados 5.1, 6.1, 6.2, 6.3, das programación en PROENS e coordinación do resto de apartados).
5. Libros para la biblioteca
6. Calquera outro asunto

1. Comézase falando do proxecto lingüístico dende o departamento de administrativo, do que nos informan de que asocian a lingua galega ós ciclos medios de Xestión Administrativa e ó ciclo superior de Administración e Finanzas adultos presencial e a distancia, e a lingua castelá ó ciclo superior de Administración e Finanzas ordinario e ó ciclo superior de Asistencia á Dirección.
2. Infórmase de que dende a biblioteca pídenos cubrir o plan de lecturas en ciclos cunha introdución, os obxectivos do plan, o desenvolvemento do mesmo e a bibliografía utilizada. Pídenos que sexa breve con data de entrega o venres 19 de setembro.
3. Concrétanse os libros de texto e os materiais a usar nos diferentes módulos de inglés e de habilidades, e elabórase un documento Excel onde se recollen os mesmos para vindeiros anos ou en ausencia de alguén.
4. Abórdase o enfoque do módulo optativo de Habilidades e Afondamento (lemos a información recollida na Resolución do 10 de Xullo). No relativo a Habilidades concrétese que o entendemos como unha extensión do inglés e mantemos as porcentaxes xa fixadas (**List. 20%, Read. 20%, Speak. 25%, Writ. 25%, Mediation 10%** - 6.1 da programación). Na rama de administrativo, compartírase a nota de inglés e habilidades das catro destrezas (comprensión oral e escrita e produción oral e escrita) para así evitar duplicar exames similares e substituírase a porcentaxe de *Vocabulary* en inglés polo de *Use of English*.

Xulia suxire que para o módulo de habilidades nos ciclos presenciais de Farmacia e Para Farmacia, e Emerxencia Sanitaria, usar o libro *English for Vocational Training* ou/e fotocopias, e substituír a porcentaxe de mediación por un traballo, xa que o alumnado só tería unha hora.

En canto á elaboración da programación en PROENS para habilidades, aínda que non hai data límite fixada en ciclos, decídese que dende os puntos 2.1 ata o 4.1 sobre as unidades, os elementos curriculares e o deseño de actividades o profesorado que imparte os mesmos módulos coordinárase se así o desexe para a súa elaboración. Os criterios de cualificación serán aqueles xa decididos e para o resto dos apartados usárase tomando como referencia as programacións de inglés e inglés profesional do curso 2024-25.

En canto a Afondamento, suxírese abordalo coma un traballo anual, xa que dispónse soamente dunha hora semanal (30h anuais). Este traballo avaliaríase co uso dunha rúbrica e da presentación dun traballo escrito para expoñer na aula. Non se concreta máis e decídese que o profesorado que imparte este módulo lle dará unha volta e propondrá ideas de como abordalo na seguinte reunión.

Infórmase tamén de que xa por fin hai aceso para supervisar as programacións da ESO e de Bacharelato. Quedou por mencionar o punto sobre os libros da biblioteca que quedará para a vindeira reunión.

Sen máis asuntos que tratar, finaliza a vídeo chamada ás 18.15h.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



I.E.S. RICARDO MELLA

Estrada Vella Madrid 177 – 36214 Vigo. Pontevedra.

Teléfono: 886121100 – Fax: 886121026

Web: <http://edu.xunta.es/centros/iesricardomella>

Correo Electrónico: ies.ricardo.mella@edu.xunta.es



Departamento de

Inglés

galicia

A xefa de departamento,

Alicia Sánchez González

Emilio Pérez Lorenzo

Alejandro García Rodríguez

Ana Isabel González Vieites

Xulia Gutiérrez Rodríguez

Camen Antolín Pichel

Amelia Piñeiro Santorum